

- **Consideración dos xéneros literarios**

- Os **xéneros literarios** dos **séculos XVII – XVIII ao século XX** tiveron moi **mala sona**, e aínda a teñen na actualidade, xa que a **Modernidade** impuxo a valoración da **orixinalidade** e o feito de encadrar unha obra dentro dunha determinada categoría era considerado ambicioso. As **obras mestras** eran só as novidosas e **experimentais**. As razóns que levaron á desconfianza nos xéneros son:
 - ♦ **Razón histórica:** os **xéneros** representan un **pasado** que hai que **superar** para **ser novidoso** xa que cada época ten os seus moldes.
 - ♦ **A orixinalidade:** os **xéneros** son **case inalterábeis dende Aristóteles** polo que ao adaptármonos ás súas normas á case **imposíbel** acadar a **orixinalidade** tan valorada.
 - ♦ **A expresividade** relacionada co **Romanticismo**, é dicir, a aparición dunha **poética expresiva** que transmite **sentimentos** e **ideas** de seres especiais coñecidos coma **xenios**. Considérase que estes **xenios** son os **únicos** capaces de ser **orixinais** pola súa diferenciación e **superioridade** respecto das demais persoas. Polo que **non se valora** a **imitación** como se facía en **séculos anteriores**, cando citar ou empregar ideas de clásicos e contemporáneos (imitación complexa) era considerado o mellor, como é o caso de Garcilaso.
- Nos **anos 70** do **século XX**, co **Postmodernismo**, vólvese a unha **valoración** do **establecido** e o **rexeitamento** do **experimental** e vangardista por consideralo **aburrido**. Isto supón que se **reivindiquen** de novo os **xéneros** e **subxéneros literarios** até entón desvalorizados. Os argumentos que defenden o uso dos xéneros son:
 - ♦ A **necesidade** dun **concepto superior** que permita **describir** e **comprender** a **literatura xeneralizando** e buscando analoxías.
 - ♦ Os xéneros serven para **adiantar o que vai acontecer** na obra e, ademais, tamén se pode acadar a **orixinalidade** empregándoos mediante a **mestura de xéneros** (literarios ou con xéneros non artísticos) ou o uso do **xénero menos popular** na época. É **imposíbel innovar** se **non se coñecen** os **xéneros**.

Na **actualidade** conviven a **desconfianza nos xéneros** e a **consciencia** de que son **necesarios**. Todo o que sabemos dos xéneros **depende** das **épocas** (número, xerarquía, consideración), igual que acontece coa literatura en xeral. É o **canon** o que **decide** o que é **artístico** e o que non.

- **Percorrido histórico polos xéneros literarios**
- **Platón** (tema 3, punto 1.1.2.)
- **Aristóteles** (tema 3, punto 1.1.3.)
- **Época alexandrina**

É unha época de **crise** na que Grecia sofre unha forte **descentralización** a tódolos niveis, tamén cultural, xurdindo así **novas cosmópolis** como é o caso de **Alexandría**. Dáse un importante auxe da **reflexión literaria**, non así da creación, xa que se contempla o **pasado** coma unha **época esplendorosa** que debe ser **lembrada**. Deste xeito, no ámbito cultural, mírase ao **pasado** por primeira vez dende unha **perspectiva filolóxica**, valorando a importancia da **conservación** e **transmisión** das obras literarias. Boa proba disto é a creación da **Biblioteca de Alexandría** e numerosos **museos**. Xurde así a **necesidade** de aclarar, **catalogar** e xerarquizar as obras, tarefa para que se bota man dos **xéneros**. Isto **consolidarase** na tradición **retórica latina**, especialmente na época do Imperio (século I d.C.) cando a retórica era considerada coma o **marco de coñecemento** para os homes de letras e como **manual de educación**. Segundo verbas do propio **QUINTILIANO** *os bos oradores só teñen que ler as obras mellores*, é dicir, deben adestrar lendo e comentando as **obras** que seguen o **canon** dos **xéneros** (valóranse os xéneros na consideración das obras, non os autores). Isto **influirá** tamén na **concepción renacentista** do xénero.

- **Idade Media**

Durante este período os **xéneros** serán empregados só como **principio de clasificación**. Haberá unha grande **influencia** da **Poética** de **Horacio** (puntos 1.1.5. e 2.1. do tema 3). Será moi importante entón o **decoro**, é dicir, a existencia dun **rexistro** para cada **personaxe** e dun **modelo fixo** para cada **xénero**, polo que calquera tipo de **experimentación** será **rexeitada** (como pode ser a mestura de personaxes de diferentes clases).

Este **canon medieval** era o dunha literatura moi **espiritual**, contraria ao paganismo, na que dominaban os **personaxes** de **clase social alta** e **modélicos**, de xeito que predominaba a **traxedia** e non se elaboraba comedia.

- **Clasicismo: Renacemento, Barroco e Ilustración (séculos XVI, XVII e XVIII)**
- **Renacemento (século XVI)**

Xa hai desenvolvemento unha **poética xenérica** plena e os xéneros vanse tornar o principal elemento de **represión literaria**, tanto para a **creación** coma para a **lectura**. **Modificaranse** os xéneros que establecera **Aristóteles**. Deste xeito engádesse a **lírica**, grazas aos estudos de **SEBASTIAN MINTURNO** (1564) que se dividen en catro partes:

- **Épica**.
- Teatro (**traxedia** e **comedia**).
- **Lírica** ou **mélica**, á que lle dá o mesmo rango. Este feito é moi **importante** xa que Platón só nomeara a lírica para dicir que non era perigosa para o estado e Aristóteles non falara dela.

Por outra banda, na **Italia** do Renacemento estaban moi ben considerados **Dante** e **Petrarca** (a lingua italiana actual baséase no modelo literario destes dous autores) estes autores, amais de **Boccaccio** (autor do **Decamerón**, que influiría en *O Conde Lucanor* e en *As mil e unha noites*), **mesturan xéneros** nas súas obras. Isto non está contemplado na **Poética** de **Aristóteles**, polo que no Renacemento a obra aristotélica será **revisada** para **melloralala**.

Os **tratadistas renacentistas** consideraban que o **xénero** era unha **linguaxe literaria universal**, formulouse unha teoría do xénero moi **inflexíbel** xa que para eles este estaba consolidado **dende a Antigüidade Clásica** e só admitía pequenas **variacións** en relación á **época**. Deste xeito **recuperáronse** formas coma as **odas**, **alexías** ou **églogas** pastorís.

Por outra banda, os **autores** do Renacemento, en contra do que dicían os tratadistas, levaron a cabo unha **renovación dos xéneros**, creando **obras** que non encadraban en **ningún dos xéneros** establecidos ou **xéneros mixtos** (coma a traxicomedia).

Malia isto, o **xénero** tamén era usado para a **valoración das obras**, é dicir, aquelas máis próximas aos canons eran *boas* e as máis afastadas *malas*. Segundo isto a obra de Petrarca sería *mala*, mais tiña moita aceptación na época. Os tratadistas cren defender os criterios **clásicos aristotélicos**, coma o das tres unidades (acción, tempo e lugar).

- **Barroco (século XVII)**

Nesta época dáse unha **reacción contra** todo tipo de **normativa**, xa que primaban os **contrastes**, a **sorpresa** e a **experimentación**.

- **Ilustración: clasicismo francés e alemán (século XVIII)**

Volve primar de novo a tendencia renacentista: unha fonda **rixidez** en canto aos xéneros. Considérase que son

algo **natural** que é **imprescindíbel** seguir para acadar **harmonía, reducindo** así a **literatura** a eses **principios xenéricos** (leis universais que, segundo a postura do XVIII, rexe a literatura de tódalas épocas).

- **Romanticismo**

O Romanticismo supón unha auténtica **revolución** en tódolos aspectos, tamén na concepción do xénero, e é ademais o **precedente máis inmediato** que temos en canto á clasificación dos **xéneros**. Pero presenta dous **aspectos contraditorios**:

- Tende a **favorecer a desaparición do xénero**, xa que os autores defenden a **liberdade de expresión** e a **orixinalidade**, detestando calquera prescrición. Deste xeito, afóndase na idea **barroca** de reacción contra as normas impostas. Aparecen **novos xéneros** coma a **balada** ou o **drama burgués**. Ademais defenden que a **lingua literaria** debe ser máis semellante á **lingua do pobo** (Así, Espronceda empregaba unha lingua con menos latinismo e unha sintaxe máis sinxela que na actualidade nos seguiría parecendo dun rexistro culto, pero para a época era máis achegada á do pobo do habitual).
- Os **tratadistas**, pola contra, introduciron a **tríada tradicional dos xéneros**, aos que denominaron **épica, lírica** e **drama** (narrativa, poesía e teatro actuais). Deste xeito os **xéneros** adquiren moita **forza**, destacando a figura de **HEGEL**, que no seu esquema dialéctico expón os **xéneros** coma **entidades vivas**, que cambian e están **interrelacionadas**, xa que cada xénero busca o seu lugar afastándose o máximo posíbel dos demais. O **esquema dialéctico** do que falamos é:

- **Tese** (obxectiva) **narrativa**
- **Antítese** (subxectiva) **lírica**
- **Síntese** **drama**

En conclusión, no Romanticismo consolídase unha **tripartición** dos xéneros que xa **aparecera** no **Renacemento** (Sebastian Minturno) e, por outra banda, existían unhas **posicións creativas** que valoraban a **orixinalidade** e o rexeitamento do xénero. Estas últimas **inflúiron** fondamente no **século XX** (**vangardas**) e na **actualidade**, pois aínda hoxe se valora que unha obra sexa orixinal e imposíbel de encadrar en ningún molde xenérico.

- **Finais do século XIX (despois do Romanticismo e o Positivismo)**

A **teoría de Hegel** é aplicada por **BRUNETIÈRE**, explicando a **evolución dos xéneros literarios** considerándoos **entidades vivas** que pasan por varias **fases**:

- **Aparecen.**
- **Desenvólvense.**
- **Expándense.**
- Pasan por unha fase de **decadencia** trala cal poden:
 - ♦ **Desaparecer.**
 - ♦ **Transformárense** noutros novos xéneros.
 - ♦ **Comezos do século XX**

No século XX **conflúen** as posturas que defenden a **recuperación do xénero** (narrativa, poesía, teatro e ensaio) e outras que apostan pola súa **negación**. Así, atopamos unha **postura idealista** que avoga pola **negación** do xénero e a postura dos **Formalistas rusos**. Estes últimos, entre os que destaca **Tomachevski**, contemplan os xéneros como **dinámicos** e en continua **evolución**. Cómpre nomear tamén a **JAKOBSON**, primeiro formalista e logo estruturalista, que considera que tódolos **arquixéneros** teñen, ademais dunha **función poética**, outra máis que os fai **particulares**:

Xénero	Función	Persoa
Épica	Referencial	Terceira
Lírica	Emotiva ou expresiva	Primeira
Drama ou teatro	Apelativa	segunda

Esta teoría de Jakobson, aínda que tivo moita **aceptación** polo sinxela e simplificadora que é, ten un grande **problema** xa que **non sempre** a mesma **persoa** se corresponde co mesmo **xénero**.

Tamén tivo influencia nos xéneros a **teoría dos polisistemas** de **Itamar Even-Zohar**.

♦ Consideración actual do xénero

Na actualidade para **evitar ambigüidades** a **metalinguaxe teórica** distingue entre **dúas categorías**:

- ♦ **Arquixéneros**, que conteñen os **tres xéneros renacentistas** (narrativa, poesía e teatro) e o **cuarto xénero** engadido na **modernidade** (ensaio). Estes arquixéneros son o que os **románticos** denominaban **xéneros naturais** ou **Teodorov xéneros teóricos**. Son **construcións teóricas** sen existencia real que se elaboran **por redución**, despois de reflexionar sobre a literatura coñecida.
- ♦ **Xéneros históricos**: teñen **existencia real** e chegamos a eles grazas a datos **concretos**, xa que se dan nunha única **sociedade** nun determinado **momento** (novela, relato, drama burgués, comedia...). Xa que os xéneros históricos son un campo moi amplo existen o que denominamos **subxéneros** (novela policíaca, novela sentimental, novela histórica...).

Consideración actual do xénero	Arquixéneros	Teóricos	
			Narrativa
			Poesía
			Teatro
	Xéneros naturais		Ensaio
	Xéneros teóricos		
		Xéneros históricos	Concretos
			Amplios subxéneros

Estes xéneros, considerados dinámicos dende o Romanticismo e coma un sistema de oposicións polos Formalistas rusos, ao **evolucionaren** pasan por **tres fases**:

- ♦ **Primaria** ou de **simplicidade**, que se corresponde coa súa **aparición**.
- ♦ **Secundaria** ou de **complicación**, que se corresponde coa súa **estabilización**.
- ♦ **Terciaria** ou de **deformación**, que se corresponde coa súa **paralización**.

Despois desta terceira fase están condenados a se **transformar** ou **desaparecer**, ben por **razóns endóxeas** (literarias) ou **esóxeas** (económicas, sociais...). Despois desta fase tamén se pode dar aparición de **contraxéneros**, é dicir, xéneros que se opoñen a outros nalgún punto. Por exemplo, a novela picaresca sería o contraxénero da pastoril (se na pastoril atopamos idealismo, alteza... na picaresca apreciamos realismo, baixeza...). Malia todo, os

xéneros completamente esgotados poden **reaparecer** tempo despois se **cambian** as **condicións do sistema**, así, no Renacemento rexurdiron xéneros da Antigüidade Clásica.

Para rematar, cómpre matizar que o **concepto de xénero**, segundo **algúns convencións**, **non é aplicábel a formas** coma o **soneto**, que sería considerada unha **forma poética fixa**. De tódolos xeitos, esta convención **non** se dá en **todo o mundo**.

Na *Biblioteca de Alexandría* conservábanse obras de poetas épicos coma Homero ou Hesíodo; de poetas líricos coma Píndaro; poetas trágicos coma Esquilo ou Sófocles e dun poeta cómico. Sen embargo, só se conservan obras de tres historiadores e de tres filósofos, polo que a **literatura tiña moita máis importancia** ca estas outras disciplinas.

modo obxectos	Imitación pura ou dramática	Narración
<i>Superiores</i>	<u>Traxedia</u>	Epopéa
<i>Inferiores</i>	Comedia	* parodia

* En realidade Aristóteles non falou deste xénero, mais sería o que encaixaría dentro do modo da narración e do obxecto de seres inferiores. (Ver punto 1.1.3. do tema 3)

A regra das tres unidades non é en realidade aristotélica. Na súa *Poética* en ningún caso emite normas para escribir, só se limita a dicir que na súa época a meirande parte das obras desenvolvían a súa acción nun día, mais isto foi interpretado durante moito tempo coma un precepto a seguir para facer unha boa obra literaria.

O drama burgués era un teatro no que personaxes de clase media sufrían coitas na súa vida cotiá. Malia ser moi semellante á traxedia presenta unha importante innovación: os personaxes son iguais á media e non superiores coma na traxedia.

Na dialéctica a **tese** é unha **afirmación** calquera que, xa que a realidade non é estática, leva implícito seu **contrario**, é dicir, unha **antítese**. A **síntese**, pola súa banda, sería a **superación do conflito** de contradición entre a tese e a antítese. Estes conceptos, aínda que se aplican á dialéctica de Hegel, nunca foron empregados por el.

Así, por exemplo, hai teóricos que consideran a novela moderna unha adaptación burguesa da epopea clásica. Esta teoría, aínda que probabelmente errada, tivo moito peso no século XX.

Consiste en entender a literatura en relación ao mercado e o marketing (Ver punto 2.4. do tema 2).